

# Economía e sociedade na Galicia dos Austrias.

A entrada de Galicia na Idade Moderna vai estar condicionada por diversas circunstancias: o notable dinamismo do mundo rural, que contrasta co relativo devaló da vida urbana; as fondas transformacións sociais que seguiron ás revoltas irmandiñas, que se traduciron no reforzamento do poder da Igrexa e nunha importante reconfiguración da nobreza laica; e unha integración maior do reino na monarquía castelá, resultante das reformas dos Reis Católicos e da creación de novas institucións, caso da Audiencia e das Xuntas do Reino, e da figura do Gobernador Capitán Xeneral.

## Unha poboación en expansión.

Durante os séculos XVI e XVII, o comportamento da poboación galega caracterizouse por un **notable dinamismo**. No tránsito do século XV ao XVI superáronse os efectos das perdas derivadas das fames, as pestes e as guerras baixomedievais. Así mesmo, sentáronse as bases dunha forte expansión demográfica, especialmente intensa nos dous primeiros terzos do século XVI. Se facemos caso aos recontos dispoñibles, a poboación galega tería pasado de 330.000 habitantes en 1533 (os datos están, con toda seguridade, moi infravalorados) a 630.000 en 1591. A proliferación de contratos agrarios, a construción de casas e a fundación de novos núcleos de poboación serían datos que confirmarían esta positiva evolución.

| Evolución da poboación galega, 1530-1752 |      |       |       |       |       |
|------------------------------------------|------|-------|-------|-------|-------|
|                                          | 1530 | 1591  | 1631  | 1709  | 1752  |
| Habs. (miles)                            | 330  | 629   | 736   | 1.068 | 1.299 |
| Índice (1591=100)                        | 52'5 | 100'0 | 117'0 | 169'8 | 206'5 |
| % pob. española                          | 7'0  | 7'9   | 9'4   | 14'2  | 13'8  |

Contra a década de 1560 agroman os primeiros sinais dun cambio de tendencia, confirmada a partir de 1580. Repítense as **malas colleitas** co seu sarillo de escaseza, carestía e fames, seguidas de numerosos **episodios pestíferos**, entre os que destacou a mortífera *peste atlántica* de 1598-99. Non hai que desbotar tampouco o efecto que a nivel local puideron ter as accións dos corsarios ingleses (A Coruña e Vigo, 1589) e mesmo berberiscos (Cangas, 1617). Con todo, as consecuencias destas calamidades foron en Galicia menos graves que as vividas no interior de Castela. Semella tamén que as comarcas litorais tiveron, en termos xerais, un comportamento máis positivo cás do interior.

A partir de 1630, a poboación galega experimentou un **forte impulso**, asociado á difusión do cultivo do millo, que se prolongou ata mediados do século XVIII. O crecemento demográfico foi especialmente temperán e intenso no litoral atlántico, algo máis moderado e serodio na franxa cantábrica e nos vales do interior, e aínda máis tardío e exíguo nas zonas de montaña, pouco axeitadas para o cultivo do cereal americano. Arrancando de 735.000 habitantes de 1631, superaría 1.000.000 en 1709 e achegaría a 1.300.000 en 1752. No contexto da monarquía hispana, Galicia era o **reino máis densamente poboado** (44 habs./km<sup>2</sup>). Un de cada sete dos seus súbditos peninsulares era galego, nunca fora nin sería tan alta esta proporción.

O **mundo urbano** participou desta dinámica expansiva pero o seu peso relativo foi ben escaso. A finais do século XVI a penas superaba o 7% dos efectivos totais, sendo Pontevedra (8.000 habs.) o núcleo máis populoso. Dous séculos despois, a taxa de urbanización era semellante. Neste intervalo, Pontevedra e numerosas vilas mariñeiras (Muros, Noia, Baiona, Cangas) entraron en decadencia afectadas pola crise das actividades comerciais e pesqueiras. Pola contra, Compostela, A Coruña, Mondoñedo e Lugo, centros administrativos e comerciais e residencia dos sectores rendistas incrementaron a súa poboación.

## Un sector agropecuario en transformación.

Como corresponde a unha economía do Antigo Réxime, a agricultura era na Galicia dos séculos XVI-XVII a **actividade indiscutiblemente dominante**: máis do 90% da poboación asentábase no medio rural, máis de tres cuartas partes da renda xerada proviña do sector primario. Malia as mudanzas acontecidas e as diferenzas entre unhas e outras bisbarrias, podemos sinalar algúns **trazos básicos** da agricultura galega durante estas dúas centurias:


- ◆ O **predominio das pequenas labranzas campesiñas**: as dimensións medias oscilan entre as 2 Ha. das áreas costeiras e as 4 Ha. do interior. Polo xeral, os labregos non eran os propietarios da terra que traballaban, senón que o facían baixo **diversas formas de cesión** por parte dos seus propietarios (alta nobreza, fidalguía, institucións eclesiásticas). Dende o século XVI esta cesión fíxose maioritariamente a través do **sistema foral**, sen que fosen descoñecidos nin arrendos nin parcerías.
- ◆ Un **policultivo** baseado na **complementariedade entre agricultura e gandería**: as explotacións campesiñas galegas presentaban, en comparación co resto da Coroa de Castela, unha importante dotación de gando (vacún e porcino). Esta posibilitou un mellor abonado das terras e, polo tanto, un uso máis intensivo delas. Dada a pequenez das labranzas, o **aproveitamento dos montes** (leña, estrume, pastos, cultivo), que ocupaban grandes espazos, era fundamental.

Dende finais do século XV, diferentes indicios (ocupación de casais abandonados, multiplicación dos contratos forais, suba das rendas agrarias) apuntan á superación dos problemas baixomedievais e ao comezo dunha longa **fase expansiva** que había seguir durante os dous primeiros terzos do século XVI. Este crecemento agrario tivo un carácter fundamentalmente extensivo xa que se baseou na ampliación da superficie cultivada. Semella, sen embargo, que nalgúns comarcas houbo algún cambio nas rotacións de cultivos, caso da introdución dos nabos na área cantábrica, que posibilitaron a redución dos folgados.

Este modelo expansivo comezou tocar teito nos anos 1570-80. Dende aquela reitéranse con excesiva frecuencia as crises de subsistencias. Esta negativa conxuntura prolongouse durante as últimas décadas do século XVI e mantívose, atenuada, durante o primeiro terzo do XVII.

Contra 1630-40, a situación muda radicalmente coa incorporación dun novo cultivo de procedencia americana, o **millo**, que permitiu importantes incrementos da produción e da produtividade agrarias. Aínda que coñecido dende principios do século XVII, o seu cultivo non comezou a xeralizarse ata a década de 1630 dende o litoral pontevedrés. O seu éxito foi case instantáneo, conquistando todo o litoral e avanzando cara o interior a través dos vales fluviais ata as chairas situadas ao oeste da Dorsal galaica. En 30 anos pasou a representar a meirande parte da produción cerealista, agás nas terras do interior lugués e ourensán, onde non acabou de adaptarse. A doada integración nas rotacións tradicionais (substituíndo ao millo miúdo ou paínzo), os maiores

Planta de millo con follas e mazaroca



Fonte: Rubillón de Avión

rendementos por semente e por unidade de superficie, a súa fácil panificación e o posible uso forraxeiro explican o seu éxito. A xeralización do millo ía provocar unha nida diferenciación entre dous sistemas agrarios:

- Na **Galicia atlántica**, o triunfo do novo cereal posibilitou a intensificación do cultivo, reducindo os folgados e, conseguintemente, a cabana gandeira.
- A **Galicia interior** mantivo as rotacións tradicionais, o que permitiu de manter un maior número de cabezas de gando.

## A importancia da pesca na Galicia litoral.

Como xa acontecera durante o Medievo, a pesca mantivo en Galicia unha gran importancia na Idade Moderna. Entre os séculos XVI e XVIII, Galicia seguiu a ser a **primeira rexión pesqueira española**. Nas localidades costeiras, o mar daba traballo a unha porcentaxe significativa dos seus veciños e constituía a principal fonte de riqueza.

Practicábase fundamentalmente unha **pesca de baixura**, centrada nas capturas de pescada, congrio e, sobre todo, **sardiña**. Esta, unha vez salgada, era obxecto de exportación cara outras áreas da Península. Neste negocio destacaban a finais do século XV os portos da Coruña, Pontevedra e Muros. Pero, no decurso do século XVI, o de Pontevedra adquiriu unha posición privilexiada.


A regulación da pesca e da súa comercialización estivo en mans das **confrarías de mareantes**, organizacións gremiais que se remontaban ao século XIV. Algunhas, como o gremio do Corpo Santo de Pontevedra ou a confraría de Santo André na Coruña, chegaron a adquirir un notable poder económico e social. Agrupaban só aos *mareantes*, especializados na captura de especies con valor comercial, que requirían unha forte organización colectiva e un importante financiamento para facer fronte a adquisición e mantemento de artes e embarcacións. Mentres, os *mariñeiros*, pescadores modestos que traballaban individualmente ou en pequenos grupos, ficaban a marxe delas, obrigados a vender as súas capturas en fresco e polo miúdo ou a subministrárllelas aos mareantes para a súa comercialización. Nos portos máis pequenos, era habitual que os mariñeiros alternasen a pesca cos labores da terra.

Dende finais da Idade Media, a tecnoloxía pesqueira faise máis complexa, introducíndose **novas artes** que buscan incrementar as capturas e reducir custos. Entre os séculos XVI e XVII, o *xeito* foise impoñendo ao *cerco real*. Os conflitos entre defensores e detractores das diferentes artes enfrontaron a distintos portos pesqueiros ao longo do século XVI (Pontevedra contra Portonovo, Cangas e Poio; Vigo, Cangas e Redondela contra Bouzas, Baiona, Coia e Aldán; A Coruña contra os embarcadoiros veciños...).

A **actividade marisqueira**, singularmente a produción ostreíra, provocou tamén litixios sobre os dereitos de marisqueo entre os mariñeiros e os señores, eclesiásticos ou laicos, que se arrogaban privilexios xurisdiccionais sobre os principais bancos.

Nalgúns portos galegos, maiormente da Costa da Morte (Camariñas, Camelle, Corme, Laxe, Malpica) e da Mariña (Foz, Burela, San Cibrao) desenvolveuse durante os séculos XVI e XVII unha

Gravado da arte do xeito.



Fonte: [diariodearteixo.com](http://diariodearteixo.com)

rendible **actividade baleeira** orientada ao aproveitamento da graxa dos cetáceos. Inicialmente dependeu case exclusivamente de compañías vascas. Dende mediados do século XVII, pasou a estar controlada por empresas galegas. O seu desenvolvemento non estivo exento de disputas, singularmente cos mariñeiros e comerciantes de sardiña, que acusaban aos baleeiros de lixar os portos cos despoños dos cetáceos e de escorrentar a pesca. A partir de 1720, esta actividade decaeu ata a súa práctica desaparición.

A **pesca de altura** non representou un gran volume económico pero tivo unha notable importancia cualitativa. As expedicións pesqueiras cara as Canarias e o Gran Sol e, sobre todo, á procura de bacallau nas augas do Atlántico Norte e Terranova, desenvolvéronse a partir de 1510-20. Requirían barcos de notable tamaño (naos ou carabelas), tripulacións numerosas e pilotos e patróns experimentados e contratados fóra de Galicia. No caso de Pontevedra, as mareas foron organizadas frecuentemente por ricos comerciantes á marxe dos tradicionais gremios de mareantes. Semella que as capturas, salgadas, se vendían directamente ao Mediterráneo deixando escasas pegadas na economía da *boa vila*.

Na década de 1740, a chegada dos *fomentadores* cataláns e a imposición da Matrícula do Mar marcarían unha ruptura na situación da pesca galega nos momentos finais do Antigo Réxime.

## Unha sociedade rendista. O papel da fidalguía.

A configuración da sociedade do Antigo Réxime vén determinada por dous criterios complementarios. Por unha banda, a **desigualdade xurídica** -a posesión ou non de privilexios- permite distinguir entre unhas minorías (nobreza, clero), que gozan de exencións, dereitos privativos e honores, e a maioría da poboación (xente do común, pobo), que carece deles. Pola outra, a **riqueza**, singularmente o dominio da terra, contrapón aos rendistas, que perciben unha boa parte da produción agraria en troques da cesión do usufruto da terra, e aos campesiños que a traballan. Privilexiados e rendistas practicamente coinciden no cumio da sociedade galega do Antigo Réxime.

Entre os privilexiados, o **clero** tivo en Galicia unha posición moi destacada. Detenta unha parte maioritaria do dominio directo sobre as terras e percibe polo menos, entre rendas, décimos e primicias, dous terzos dos excedentes agrarios do país.

A **nobreza laica** estaba formada por dous grupos ben diversos:

- ◆ A **alta nobreza titulada** saíra debilitada da rebelión irmandiña e das guerras dinásticas pola sucesión da coroa castelá. Perdera castelos e torres e algúns privilexios señoriais. Algún dos seus caera en desgraza ou perdera a vida. Pero outros lograron integrarse na corte e desempeñar postos importantes na administración imperial dos Habsburgo (caso do conde de Lemos, vicerrei de Nápoles, ou do conde de Gondomar, embaixador en Londres a comezos do século XVII). Distanciada fisicamente de Galicia, a alta nobreza, segue presente no disfrute de coutos e xurisdicións, que xeran escasos ingresos, e na percepción de rendas agrarias, máis cuantiosas, eficazmente defendidas polos seus administradores.

**Composición das rendas do clero en Galicia (1752):**

| NATUREZA            | Valor en réas     | %          |
|---------------------|-------------------|------------|
| Décimos e primicias | 8.758.313         | 56'3       |
| Foros e pensións    | 5.582.053         | 35'9       |
| Voto de Santiago    | 554.311           | 3'6        |
| Dereitos señoriais  | 190.800           | 1'2        |
| Censos              | 467.242           | 3'0        |
| <b>Total</b>        | <b>15.552.719</b> | <b>100</b> |

- ◆ A **fidalgúia** configurouse durante os séculos XVI e XVII como grupo rendista e, aproveitando a ausencia física da aristocracia, en grupo reitor da sociedade galega compartindo poder coa Igrexa. Constituían un colectivo numeroso (case 11.000 a mediados do século XVIII), visibilizado en centos de pazos e casas fortes, dende as que proxectaban a súa influencia por tódalas aldeas, parroquias e xurisdicións do país. Algúns fidalgos pertencían a vellas liñaxes de orixe medieval e tiñan antigos patrimonios, pero boa parte das casas fidalgas eran máis recentes. Foron fundadas por eclesiásticos, procuradores, rexedores, militares, mercadores e ata campesiños. Compradora de terras e rendas, beneficiada pola concesión de foros eclesiásticos, a fidalguía aparece plenamente consolidada a mediados do século XVII, participando no reparto das rendas agrarias (un terzo do total) e colocándose como grupo intermediario entre as poderosas institucións eclesiásticas e o campesiñado.

Os **campesiños** (o 80% da poboación) constituían a base desta sociedade. Levaban unhas explotacións agrícolas cada vez máis pequenas en virtude de contratos forais que lles garantían o dominio útil das terras que traballaban e a posibilidade de transmitilo en herdanza, mesmo deron amañado para vendelo e partillalo. Foron quen de introducir importantes cambios nas súas labranzas, como a introdución de novos cultivos e a eliminación dos folgados. Constituían un grupo heteroxéneo: fronte a uns poucos labradores abastados, que podían competir en terras e rendas con moitas casas fidalgas, habíaos ben pobres sen apenas bens nin dereitos (*caseteiros*, *bodegueiros*). Para a maioría, logo de pagar foros, décimos primicias e impostos, a supervivencia non era doada.

Ademais de campesiños e rendistas, tamén había grupos sociais, minoritarios, non ligados á terra, como **mariñeiros e mareantes**, **artesáns urbanos** ou **comerciantes**. A burguesía mercantil (mercadores de panos, cambistas, exportadores de salgados de peixe e de viño do Ribeiro) viviu un período de esplendor no século XVI. Durante o século XVII, a importancia deste grupo devalou ante as dificultades económicas, a crecente presión fiscal, a puxanza da fidalguía e o atractivo da condición rendista. Renacería con forza no século XVIII.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2º Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: *A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-1835)*, en BARREIRO, X.R. e VILLARES, R.: *A Gran Historia de Galicia*, A Coruña, Arrecife Edicións Galegas-La Voz de Galicia, 2007, vols. 11-14.
- VILLARES PAZ, R.: *Historia de Galicia*, Vigo, Editorial Galaxia, 2004.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.